

# REGULAMENTO DE COMPOSIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS, SUBCOMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO DO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## **Artigo 1. Título competencial**

Conforme ao previsto no artigo 69.1.n) do Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, a Xunta de Goberno establecerá, creará ou aprobará as delegacións, agrupacións, comisións ou seccións de colexiados que poidan interesar para os fins da corporación, regulando o seu funcionamento e fixando as facultades que, de ser o caso, lles deleguen. As comisións deberán ser presididas en todo caso por un membro da Xunta de Goberno.

## **Artigo 2. Composición das comisións**

1. O número de membros das comisións non poderá ser inferior a 3 nin superior a 10.
2. A Xunta de Goberno designará, de entre os seus deputados, un presidente para cada comisión.
3. Igualmente, a Xunta de Goberno designará, de entre os vogais da comisión, un vicepresidente e un secretario.

O vicepresidente substituirá ao presidente en caso de vacante, enfermidade ou ausencia.

O secretario será o encargado de levantar acta das sesións. En caso de ausencia do secretario, será substituído nas súas funcións polo vogal con menos antigüidade na colexiación.

4. Serán vogais das comisións os colexiados designados pola Xunta de Goberno, por proposta do secretario técnico ou dos propios interesados.

Poderá asistir ás reunións das comisións ordinarias, con voz e sen voto, o membro da Agrupación de Xoves Avogados de Compostela que sexa designado pola súa comisión executiva e, unha vez ratificado pola Xunta de Goberno, será debidamente convocado para asistir ás comisións.

Non será de aplicación o previsto neste apartado para aquelas comisións que, pola natureza das súas funcións, teñan un réxime singular de nomeamento dos seus membros ou de asistencia ás súas reunións.

### **Artigo 3. Funcións das comisións**

1. As comisións terán como principal función a de informar á Xunta de Goberno sobre as cuestións incluídas no ámbito das súas respectivas competencias. Os seus acordos terán carácter simplemente informativo e non poderán ser publicados nin divulgados sen a autorización e a conformidade da Xunta de Goberno.

2. As comisións desempeñarán dentro dos seus respectivos ámbitos as seguintes funcións:

a) Promover accións de información e divulgación e asesorar á Xunta de Goberno.

b) Propoñer á Xunta de Goberno iniciativas normativas estatutarias ou económicas.

c) Emitir ditames que deberán valorar a oportunidade, viabilidade e repercusión de proxectos e actividades do Colexio de Avogados. Estes ditames non serán preceptivos nin vinculantes.

d) Cantas actuacións persigan mellorar o exercicio da avogacía e a realización da xustiza.

3. Os presidentes das comisións trasladarán dilixentemente á Xunta de Goberno os asuntos tratados nas súas respectivas comisións e someterán á súa aprobación os acordos que adoptaren.

4. Os acordos adoptados polas comisións faranse constar en acta, subscrita polo secretario da comisión e co visto e prace do presidente.

### **Artigo 4. Subcomisións e grupos de traballo**

1. Por proposta da Xunta de Goberno ou do presidente de cada unha das comisións ordinarias, poderanse crear, subcomisións dependentes daquelas, que terán funcións de seguimento, estudo, informe e proposta á respectiva comisión nas materias que se determine no momento da súa creación. En todo caso esta comisión, por proposta do seu presidente, poderá solicitar o tratamento de calquera das cuestións das que poida coñecer a subcomisión. O presidente da respectiva comisión posuirá a representación das subcomisións

que nela se integren. En todo caso, a competencia para a creación das ditas subcomisións recaerá na Xunta de Goberno.

2. A Xunta de Goberno designará aos presidentes das subcomisións de entre os membros das comisións e, de ser o caso, ao vicepresidente e secretario. Poderá asistir ás reunións das subcomisións, con voz e sen voto, o membro da Agrupación de Xoves Avogados de Compostela que sexa designado pola súa comisión executiva. Tras o acordo da Xunta de Goberno, será debidamente convocado para asistir ás comisións.

## **Artigo 5. Funcionamento das comisións, subcomisións e grupos de traballo**

1. As comisións, as subcomisións e os grupos de traballo reuniranse tras a convocatoria do seu presidente, ou de quen o deba substituír, comunicada aos seus membros, preferentemente por medios electrónicos, ao enderezo que designasen para o efecto ou ao que conste nos arquivos do Colexio. Será efectuada con dous días hábiles de antelación, salvo casos de urxencia en que abondará unha antelación de vinte e catro horas.

2. As reunións terán lugar normalmente na sede principal do Colexio de Avogados, sen prexuízo de que poidan realizarse noutro lugar que se exprese na convocatoria, ou por calquera medio telemático, por razóns de urxencia.

3. Xunto coa convocatoria, na que figurarán os puntos da orde do día, remitirase, sempre que sexa posible, a documentación relativa aos temas que tratar. Esta documentación tamén se poderá remitir previamente á convocatoria.

4. Poderán asistir ás reunións das comisións, das subcomisións e dos grupos de traballo, con voz e sen voto, outros membros da Xunta de Goberno ou persoas que non teñan a condición de membros, así como os empregados dos servizos técnicos, cando sexan convocados ou sexa solicitada a súa presenza por quen presida a reunión. En todo caso, quen asista ás reunións quedará obrigado a gardar segredo das deliberacións. Os membros dunha comisión, dunha subcomisión ou dun grupo de traballo poderán ser representados por outro membro da comisión, subcomisión ou grupo. A delegación de voto haberá de facerse por escrito, con carácter previo, e especificamente para a reunión de que se trate.

5. As comisións, subcomisións e grupos de traballo quedarán validamente constituídos cando concorran persoalmente, polo menos, a metade máis un dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos seus membros presentes ou representados; con voto de calidade, en caso de empate, de quen presida.

6. Nas devanditas reunións poderán ser obxecto de tratamento e decisión, ademais dos asuntos que consten na orde do día da convocatoria, todos aqueles que, no ámbito da súa competencia, propoña calquera dos asistentes e sexan aceptados por unanimidade, sempre que asista persoalmente a maioría dos seus membros.

7. Das reunións das comisións e subcomisións levantarase unha acta sucinta por parte da súa secretaría, que expresará o lugar, data e hora da reunión e, de ser o caso, os acordos adoptados.

As actas serán aprobadas e remitiranse aos membros da comisión ou subcomisión por medios telemáticos. Entenderanse aprobadas se ningún deles manifesta expresamente polo mesmo medio a súa oposición no prazo de tres días naturais. En caso de oposición, a acta someterase á aprobación como primeiro punto da orde do día da seguinte reunión da comisión ou subcomisión.

8. O decano poderá asistir con voz e voto a todas as reunións das comisións ordinarias, subcomisións ou grupos de traballo. Nos supostos en que asista o decano, presidirá a reunión con todos os dereitos inherentes á presidencia da reunión e, en concreto, con voto de calidade para os casos de empate na votación dos acordos ou resolucións que se adopten.

9. O secretario técnico poderá asistir con voz e sen voto a todas as reunións das comisións ordinarias, subcomisións ou grupos de traballo das que non sexa membro.

#### **Artigo 6. Baixas ou cesamentos das comisións, subcomisións e grupos de traballo**

Os membros das comisións, subcomisións e grupos de traballo cesarán pola falta de asistencia inxustificada a tres reunións ou sesións consecutivas da súa comisión ou por cinco alternativas no prazo dun ano.

O acordo de cesamento dun vogal da comisión será aprobado pola Xunta de Goberno por proposta do presidente da comisión.

*O presente Regulamento foi aprobado pola Xunta de Goberno na sesión do día 19.03.2018.*